

I

Lus: Abrinte, comenzo, suma e sigue,
principio dunha nova etapa
no decorrer monótono
de ensoñadas espranzas.

Martes: Estrada longa e costaneira,
chea de lama,
sempre a rubir
cara a meta lonxana.

Miércoles: Foza ! Parte o peito !
coas tuas maus decrúa a mesta fraga !
Gaña o pan ; que o traballo dinifica,
enxendra forza e rexenera a ialma !

Xoves: De sol a sol cumpriches
coa tua cárrega;
a mazá prohibida
tornóuse canga.

Viernes: Ainxusticia dos homes
fíndase na mortalla;
a lei diviña
dispón eternas pragas.

Sábado: Cobro mínimo. Non seña
que tearrepoñas. A soldada
há ser xusta. A cubiza
o espírito emporcalla.

Domingo: Día santo. Prega os xionllos !
ergue unha oración de gracias;
que tés saúde e tés traballo,
respiras, ollas, soñas....Non che basta ?

II

Oxe é festa. Non saias da casoupa.
Esquece, acouga, durme, enxendra fillos,
non camiñes pré vila,

non fuxas do teu circo.

As aupopistas

feden a caravana.

Repón forzss,

non queiras coñecer,

faite o parvo e espreita o televexo.

Verás fútbol, pitreiras de muller,

minifaldas arreo,

ledicia de vivir, facianas fonchas....

Esquece que se funden cartos
en esmorgas e enchentes.

Esquécete, por Dios !

No que outros ~~esborrallan~~^{esborrallan} ti non pense !

e prega ó ceo perdón prós seus pecados....

Namentras o burgués e os novos ricos
en restaurantes de sona
enchen bandullos con bistecs e tarta
e os porcos fozan
nos resíduos da gula cristiana,
ti non te acores ! Cumple coas obrigas
nas fresas e nos taadros,
coa eirexa e coa familia....Cada quen
ten o seu fado !

III

Nun recanto da praza, estalicado,
descompónse un cadavre mentras brúan
os coches domingueiros que degoran
o sol da praia.

Mergullado no embrulho de ideas
o Xan do pluriemprego e das obrigas
atravesou a estrada pra ceibarse
da escravitude.

E ninguén se decata que aquil home
puido morrer na sua Terra,
ser esterco da Patria, ser mapoula,
tornarse fror !

.....

.....

....